

**ACTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN INTERINA TEMPORAL DUN/DUNHA ENFERMEIRO/A DO I. M. DE DROGODEPENDENCIA DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS CON CARÁCTER DE URXENCIA.**

En Monforte de Lemos a 10 de Xullo de 2015, sendo as 10:00 os integrantes do Tribunal cualificador, que se constitúe para avaliar a fase de concurso dos/as aspirantes a prover a praza descrita anteriormente, que son:

Presidente: José María Baños Campo ( Secretario Concello de Monforte de Lemos)

Vogal: José María Valcarce Rodríguez (TAX Concello de Monforte de Lemos), Carlos Rodríguez Fernández persoal Laboral Fixo do Concello de Monforte de lemos e Isabel Carbones Bosch Funcionaria do Concello de Monforte de lemos.

Secretaria: Sonia Rois Fernández ( Auxiliar Administrativo do Concello de Monforte de Lemos).

Constituído o Tribunal cualificador e unha vez comprobada a documentación presentada pola persoa aspirante procedese a realizar a Fase de Concurso co seguinte resultado ó abeiro da base terceira das Bases do proceso:

*"Na fase de concurso valoraranse os seguintes méritos presentados polos aspirantes:*

*Experiencia :*

*-Por ano de experiencia como enfermeira na Administración Local 0,50 puntos ou fracción equivalente, en caso de períodos inferiores.*

*--Por ano de experiencia como enfermeira noutra Administración 0,50 puntos ou fracción equivalente, en caso de períodos inferiores.*

*-Por cada ano de experiencia na empresa privada como enfermeira con 0,25 puntos ou fracción equivalente.*

*A puntuación máxima que se poderá acadar nesta fase será de 4 puntos.*

*Os méritos alegados polos aspirantes deberán acreditarse do seguinte xeito:*


*-Os servizos prestados nas Administracións públicas, mediante certificación expedida pola autoridade ou funcionario competente, que reflecta que o aspirante, durante a prestación dos servizos estaba integrado nun corpo, escala, subescala, ou categoría, pertencentes ó SubGrupo A2 ou 2; ou mediante orixinais ou copias compulsadas dos documentos acreditativos da relación laboral e /ou funcional do/a aspirante, así como certificado de vida laboral.*

*-Os servizos prestados en empresa privadas, acreditaranse mediante presentación do modelo oficial de vida laboral e os documentos orixinais ou copias compulsadas dos contratos acreditativos da relación laboral do aspirante, así como certificado de vida laboral."*

Sendo o resultado do proceso selectivo o detallado a continuación:

| NOME                           | DNI       | EXPERIENCIA |         |       |
|--------------------------------|-----------|-------------|---------|-------|
|                                |           | ADMON       | PRIVADA | TOTAL |
| BLANCO COPO M <sup>a</sup> SOL | 34961889A | 0           | 0       | 0     |
| ESCOBAR MOURE NOEMI            | 34996345M | 0,475       | 1,377   | 1,852 |
| ESCOBAR MOURE PATRICIA         | 34996344G | 0,122       | 0,554   | 0,676 |
| GONZÁLEZ RODRÍGUEZ ANDREA      | 34274775Z | 0           | 0       | 0     |
| JUIZ VALIÑA PAULA              | 76621243D | 0,07        | 0       | 0,07  |
| VILARIÑO SANTOS OLALLA         | 34274276K | 0,01        | 0       | 0,01  |



Visto o anterior o Tribunal propón a contratación, de:

1º- ESCOBAR MOURE NOEMI

2º - ESCOBAR MOURE PATRICIA

3º- JUIZ VALIÑA PAULA

4º VILARIÑO SANTOS OLALLA

E non sendo outro o obxecto da presente, dáse por rematado o acto as once horas e quince minutos, asinando os membros do Tribunal.

Asinan as persoas pertencentes o tribunal:

